

VIERNES, 10 de junio de 2011

LUCES

"Os investigadores, por antigo que soe, intentamos saber a verdade"

María do Cebreiro publica un ensaio sobre a figura da pantasma na poesía

DANIEL SALGADO | 10 JUN 2011

Polo discurso de María do Cebreiro Rábade Villar (Santiago de Compostela, 1976) transitan e conversan, en comunidade de iguais, Karl Marx, Rosalía de Castro, Pierre Bourdieu, Jacques Derrida ou Xoán González-Millán. Coa noción de perda como hipótese de partida e a figura do espectro como fio para coser as súas reflexións sobre a literatura, a investigadora e poeta teceu o ensaio *Fogar impronunciable. Poesía e pantasma* (Galaxia). "Este libro pretende explorar o significado da aparición reiterada das pantasmas na poesía galega moderna", explica no limiar a propia autora.

Xa fóra do papel, Do Cebreiro afonda nas teses do seu segundo volume ensaístico -o primeiro, *As terceiras mulleres*, data de 2005. "A desaparición é practicamente o fundamental da literatura galega moderna", considera, "precisamente aparece para que a cultura galega non desapareza". No Rexurdimento, a aparición conxura a desaparición, resístese a ela. "Os galegos, se podemos falar nestes termos, non debemos perder a perda", engade. Máis alá de palabras cruzadas, a conciencia de transmisión do pasado histórico resulta fundamental para non deformalo. E a literatura tamén ocupa unha posición cando se trata de non ceder á institucionalización as responsabilidades do que se deu en chamar memoria histórica.

"A literatura galega reaparece para que a cultura galega non desapareza" "O uso retórico da historia, a longo prazo, prexudícanos, porque as feridas repáranse coa verdade", sinala, "e os que investigamos, por moi antigo que soe, intentamos saber a verdade". A figura da pantasma -"que é unha apertura, que vén do pasado pero vai ao futuro"- si di cousas arredor da memoria e do verdadeiro. "O que implicaron, na historia recente, os desaparecidos latinoamericanos, ou no Estado español a reapertura de foxas dos republicanos asasinados", expón, "ilustra que as historias de pantasmas non afectan unicamente aos individuos, senón que teñen unha dimensión colectiva e, polo tanto, política".

Pero o que *Fogar impronunciable* coloca, antes de máis, no debate é a reversibilidade dialéctica entre o político e poético. "Ese nó, en lenta rotación, como os astros, que se está violentando continuamente, é o que me interesa". Recorre, para iso, á obra de Rosalía -na actualidade estuda o pensamento político e as teorías da xustiza na súa narrativa-, a María Mariño, a Alfonso Pexegueiro ou a Chus Pato. "O propio discurso cultural galego, e toda a poesía en particular, é espectral, resistente, supervivinte, intempestivo e, por esas cuestións, política", afirma. Un espectro que para Marx roldaba Europa e para Derrida se atopaba no tempo fóra de cacho (no *time out of joint* recollido de Shakespeare).

"A lectura que Walter Benjamin realizou sobre o fetichismo da mercadoría axudoume a asexar a pantasma na literatura galega", segue, "porque as cousas, os bens circulantes, producen no capitalismo contemporáneo un desacougo semellante ao da pantasma". A relación ambivalente do autor do *Manifesto Comunista* co capitalismo -para el, a burguesía resulta a clase máis revolucionaria até a comparecencia no escenario histórico do proletariado-, tamén. "A dúbida e o medo son, como no caso de Marx e a súa fascinación crítica polo capital, a condición de como tratamos co fantasmagórico", resume.

O xeito en que María do Cebreiro, que a comezos de ano configurou co deseñador gráfico Xosé Carlos Hidalgo un fermoso libro de tiraxe limitada e título *Poema históricos*, chegou a territorio fantolóxico ten algo, así mesmo, de espectral. "A incógnita da pantasma aparecéuseme en varias cousas que levaba tempo escribindo e entre as que parecía non haber conexión", lembra. Na introdución do libro, ofrece detalles cumpridos da reconstrución de traballos previos que deu pé a *Fogar impronunciable*: "Os ensaios do libro son tamén pantasmas críticas que tentan convocar (ou conxurar) cuestións como a identidade nacional, a resistencia poética, o uso público da memoria, a relación entre poesía, voz e silencio, a significación política dos espazos literarios, as funcións menos visibles da tradución ou a posibilidade dunha historia literaria inscrita nas coordenadas do presente".

Do Cebreiro empregou as súa lecturas do tratamento do fantasmagórico nas tradicións teóricas inglesas e francesas e aplicou "a pantasma como índice político" á literatura galega. "Aquí as aparicións foron estudadas como algo folclórico e eu pensei que o espectro estaba na nosa débeda e que cumpría aplicalo á nosa literatura", conclúe. Concibido como libro colectivo -"sono todos, en certo xeito, pero escribir é un exercicio de lealdade cara aos outros"-, *Fogar impronunciable* fíxose material durante unha estadía laboral da autora en Zurich, malia a imaxe convencional de Suíza, "a cidade onde naceu a vangarda". "Facelo fóra da casa, nun espazo de inmigración, non é unha casualidade se atendemos ao libro, que se beneficiou, ademais, de olladas estranxeiras como a do profesor Danny Barreto, de Puerto Rico, ou Kirsty Hooper, da Universidade de Liverpool", remata.

O editor de Galaxia, Carlos Lema, e os críticos Isaac Lourido e Ana Salgado presentaron *Fogar impronunciable* o pasado mércores na Libraría Couceiro de Santiago.